

# CON EL VIENTO

[Meritxell Colell, 2018]

# 460

**ESTREA EN NUMAX:** 29.12.2018 | V.O.

*Con el viento* (2018, 105')

**Dirección:** Meritxell Colell

**Guión:** Meritxell Colell

**Elenco:** Mónica García, Concha Canal, Elena Martín, Ana Fernández

**Montaxe:** Ana Pfaff

**Son:** Verónica Font, Gaspar Scheuer

**Dirección de arte:** Laura Arrom

**Fotografía:** Aurélien Py, Julián Elizalde

**Produtoras:** Polar Star Films, Habitación 1520, Paraiso Production (España, Francia, Arxentina)

**Distribuidora:** NUMAX Distribución

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Español

## PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2018 (Biznaga de Prata Mellor Filme Zonazine), D'A Barcelona Film Fest 2018 (Premio Talents), Donostia 2018 (Made in Spain), Berlinale 2018 (Forum)

## FILMOGRAFÍA

*Arquitecturas en silencio. Diálogo entre Antoni Bonet y Le Corbusier* [curtametraxe], 2014  
*Manuscrit a la ciutat* [curtametraxe], 2006  
*Barcelona-París-Barcelona* [curtametraxe], 2005

## SINOPSE

Mónica é bailarina en Buenos Aires. Recibe unha chamada da súa irmá Elena: seu pai está moi enfermo. O regreso á casa familiar nunha aldea de Burgos reabre antigas feridas e permite curar outras. Mónica vive de novo coa súa nai despois de anos distanciada, xuntas terán que vender a casa e Elena, que mantivo os lazos familiares todo este tempo, vese relegada. Mónica refúxiase no que mellor coñece, a danza, para reconciliarse cunha vida e un espazo que deixou atrás. A complicidade de Berta, a máis nova da familia, axudará a renovar os vínculos entre estas catro mulleres.

«Con el viento devólvemos esa fonda emoción do perdido»

Andrea G. Bermejo, CINEMANÍA



## “Rodamos sen guión, abertos ao cambio”

Entrevista con Meritxell Colell  
Por Gerardo León

### Un dos temas fundamentais de *Con el viento* é o da disgregación da familia.

Si, no centro do filme está o desarraigo, que é algo moi contemporáneo. Por un lado está o autoexilio de Mónica, a protagonista, alguén que se quere dedicar á danza e que no seu lugar de orixe non pode. Tamén a cidade, o estar lonxe da natureza, das orixes, das raíces da terra, é un tipo de desarraigo. O filme trata disto, sobre todo, centrándose na relación nai e filla. Eu quería falar do retorno ás orixes entendido como ese retorno á nai, a casa, a terra, que ten varios niveis de lectura.

### Outro dos nodos do filme é a cuestión da culpa.

Si. No filme hai moitas cousas que sucederon e non puideron ser ditas nin vividas, daquela hai algo moi forte en Mónica que ten a ver con non poder terse despedido de seu pai, e como iso leva a un sentimento de culpa e vergoña. A culpa é algo moi moral que todos temos ao sermos cristiáns, pero tamén de vergoña, de decatarte do que perdistes por ter estado lonxe. E non só é un sentimento que ten ela, senón que está tamén no personaxe da nai por non ter sabido conectar coa súa filla ou non ter podido achegarse a ela.

### Non sei se o filme tiña un guión pechado antes de rodar ou hai elementos que deixas á improvisación. Cal foi a túa maior dificultade á hora de artellar o paso das ideas ou sentimentos á trama concreta?

Digamos que para min esa é a gran dificultade do cinema, como algo que un concibe nun primeiro intre en solitario e mesmo desde a palabra ou imaxes moi interiores se fai realidade. E no meu caso foi xustamente abrireme á realidade das actrices, do espazo, do equipo. Neste sentido había un guión pechado, moi descritivo, pero que non compartimos coas actrices. Rodabamos sen guión. E rodabamos tamén abertos ao cambio. Cada día había un cambio de plan de rodaxe porque a idea era que o feito de vivirmos xuntos, de compartir moito tempo, nos permitise encarnar mellor o que estaba escrito. Neste sentido traballabamos sobre a esencia das escenas, tanto a nivel emocional, como atmosférico. Traballabamos moito sobre os personaxes, que as movía, como era a relación entre elas, pero nunca sobre accións ou palabras pechadas. Quizais a dificultade é como atopar iso que ti buscas, pero sen dicírllelo de antemán, senón que sexan elas as que o encontren.

### Hai un elemento que chama a atención e é a cuestión da danza. De onde xorde a idea de introducir ese elemento como parte da narración?

No momento en que o filme se traza a través da transformación emocional dun personaxe, de Mónica, que está no cerne do filme, había que pensar de que forma facer visíbel algo que é

totalmente invisíbel. E aí agromou a idea das estacións e do cambio da paisaxe ao longo do tempo, e tamén a idea de modificar o dispositivo filmico e traballar coa transformación do corpo. E que mellor que a danza para explicar esa transformación interior. A min a danza gústame moito como espectadora e creo que é unha grande arte para expresar de forma moi física algo que pasa por dentro.

Publicado en <http://www.cinemajove.com>

#### NA LIBRARÍA NUMAX

*Café Müller*, Pina Bausch. L'Arche [DVD]

*Hilos*, Chantal Maillard. Tusquets, 2007

*Husos*, Chantal Maillard. Pre-Textos, 2006

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

**4€**  
**Fait NUMAX!**

**Abónat agora e ven sempre por**